



## DECRETO DE ALCALDÍA

### NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA POSTO DE SOCORRISTA (FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Nomear como membros do Tribunal para as probas de selección de socorrista para a contratación temporal de persoas para a realización de obras/servizos de interese xeral/social, fomento da actividade deportiva, no concello de Castro de Rei, ao abeiro da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 15 de maio de 2018, con rexistro de entrada nº 1.532, de 21 de maio de 2018, e da Convocatoria do proceso de selección aprobada por Decreto de Alcaldía nº 221/2018, de data de 5 de xuño, ás seguintes persoas:

#### PRESIDENTE:

-Dona Isabel María Pernas Sánchez, Interventora da Agrupación Castro de Rei-Outeiro de Rei para o desempeño das funcións de intervención en ambos concellos.

#### VOGAIS:

-Don Carlos Lorenzo López, Funcionario de Deportes da Xunta en Lugo.  
-Don Manuel Lamela Ónega, Funcionario do Concello de Castro de Rei.

#### SECRETARIA:

-Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

**Segundo.-** Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Terceiro.-** Convocar para o día mércores 20 de xuño de 2018, ás once horas, para a celebración da proba escrita e baremación de méritos das Bases reguladoras de contratación, no concello de Castro de Rei.

**Cuarto.-** Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.